



Concello de Gondomar

BASES PARA O CONCURSO DE FILE DE COMPARSAS E CARROZAS ENTROIDO 2018

O Concello de Gondomar, a través da Concellería de Cultura D^a. Nuria Lameiro Valverde, propón as bases para a participación no tradicional Gran Desfile de Comparsas, acto principal do “Entroido 2018”, e que se celebrará o **domingo día 11 de Febreiro** a partir das 16:00 horas do serán:

1) As comparsas:

- Para participar no desfile, deberán inscribirse no Rexistro do Concello de Gondomar: www.concellodegondomar.gal, na pestana de xestión electrónica. **O prazo de inscrición rematará o luns 29 de xaneiro de 2018 ás 00:00 horas.**

- Cada comparsa comporase dun mínimo de 20 persoas maiores de 18 anos.

- A documentación necesaria para a formalización da inscrición de cada comparsa será:

AGRUPACIONES REXISTRADAS:

- Acreditación de estar rexistrada como asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.
- Copia do DNI do representante legal da entidade.
- CIF da entidade.
- Unha declaración xurada de non perseguir coa actividade finalidade lucrativa algunha (documento orixinal con selo e firmas oficiais).

Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais con

- A Consellería de Facenda.
- A Axencia Tributaria.
- A Tesourería da Seguridade Social.

- Orixinal de certificación de conta bancaria da entidade

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

AGRUPACIÓN INFORMAIS:

- Certificación orixinal de **conta cliente** da entidade bancaria
- Copia do DNI do representante
- Folla de firmas cuberta e completa segundo anexo I

Terán dereito ás axudas económicas que prevé o Concello, e que se repartirán segundo o resultado do Concurso de Comparsas:

- 1 axuda de 900 euros 1º clasificada.
- 1 axuda de 700 euros 2º clasificada.
- 1 axuda de 500 euros 3º clasificada.
- 6 axudas de 300 € para as seguintes clasificadas.
- 6 axudas de 200 € para as restantes comparsas participantes.
- 1 axuda de 300 euros á mellor carroza.

2) O xurado:

- Estará composto por 7 persoas, estando presidido polo Sr. Alcalde, D. Juan Francisco Ferreira González, ou en quen el delegue. E sendo os integrantes procedentes do mundo social-artístico-cultural da comunidade.

- Estará asistido por un funcionario ou traballador municipal que actuará como secretario, con voz e sen voto, que comprobará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

- O xurado será o encargado de resolve-lo calquera cuestión do concurso.

- O xurado poderá anula-lo desfile ou a axuda económica ás comparsas que non cumpran co número de participantes mínimo ; así como ás que interfiran co desfile de outras comparsas, ou que inciten á xenofobia, á violencia, ao maltrato animal ou temáticas que inciten á violencia de xénero.

- O xurado terá liberdade dentro dá discrecionalidade técnica para vulgar aos participantes e en consecuencia concede-los premios. En todo caso terá en conta, o vestiario e maquillaxe, escenografía e deseño da carroza, e a música, que sexa en directo ou con acompañamento de instrumentos musicais ou rítmicos; utilizando un baremo de puntuación de 1 a 10 puntos en cada apartado motivando ás circunstancias concretas. (ver

Concello de Gondomar



Concello de Gondomar

táboa de valoración)

3) Será obriga de todas as comparsas a participación no enterro da sardiña o mércores 14 de febreiro cun mínimo de 10 persoas que verificarán no mesmo momento a súa presenza.

4) No caso de que o número de comparsas pre-inscritas supere o **límite de participación** (15 comparsas) a Concellería de Cultura resérvase o dereito de selección final das comparsas participantes sendo as restantes convidadas a participar sen dereito a remuneración ou premio onde se lle daría preferencia as do termo municipal.

5) As comparsas finalmente participantes serán convocadas a unha reunión o **luns día 5 de Febreiro de 2018 ás 19.00 horas** na sala de reunións do Concello (Planta baixa á man dereita) onde se lles informará dos pormenores do desfile e as normas específicas do concurso.

6) Por razóns de seguridade **non** está permitido empregar cabalos nin outras monturas ou participacións animais.

7) As comparsas inscritas, pola súa banda, comprometeranse a desfilar polas principais rúas da Vila acorde coa programación e o percorrido establecido, así como a respectar estas bases e ás acordadas na reunión das comparsas do día 11 de febreiro 2018.

D^a. Nuria Lameiro Valverde, Concelleira de Cultura
(Asinado dixitalmente)

TABOA DE VALORACIÓNS:
Valorarase con puntuación de 1 a 10 facendo unha media aritmética para obte-la valoración total de cada comparsa, tendo especial interese na
o Coherencia entre a fantasía e a música
o Coherencia entre a máscara e o maquillaxe

As comparsas son informadas de que pode ser motivo de sanción ou descalificación:
o A chegada fora de hora da carroza ou os compoñentes
o Non respecta-los metros de distancia entre comparsas
o A desobediencia ás indicacións ao persoal da Policía Local ou da Organización
o Interferencia da música e volume entre as comparsas

Concello de Gondomar